


SE O PRECISAS PARA CONTESTAR AS PREGUNTAS, TERÁS QUE INVESTIGAR.



1ª ESCALA: MARSELLA.



NORIA XIGANTE



CATEDRAL



CASTILLO DE IF

1.-A que país pertence?

2.-Das seguintes cidades, cales poderías visitar neste país?

Niza - Munich - Estrasburgo - Bruselas - Lyon - Cannes

3.- Como se chama a cosa onde está situada esta cidade?

4.- O Castelo de If foi construído en 1516 para vixiar o porto, pero despois sabes en que se converteu?

Un novelista francés chamado Alejandro Dumas escribiu unha obra moi famosa "El conde de Montecristo", onde o seu protagonista estivo encerrado neste castelo.

O barco que nos leva ata o castelo custa 8,35 €. Rubén e Diego fixeron esta visita. Pagaron os dous billetes con 20 euros, canto lles devolveron?

5.-Sabedes que produto é típico desta cidade? Pista: úsase para a hixiene.

6.- O prezo da noria é de 3,75 €/viaxe. Iván gastou 15 € e Bruno 11,25 €.

Cantos viaxes fixo cada un?

2ª ESCALA: MÓNACO



CATEDRAL SAN NICOLÁS



MUSEO OCEANOGRÁFICO



CIRCUITO DE MONTECARLO

FÓRMULA 1

Nada máis chegar ao porto, advertimos que este país ten moito "luxo" e as súas construcións son moi elegantes. Así que todo é moi caro. Paramos na terraza do Museo Oceanográfico para facer un descanso.

1.- Como se chama a capital deste pequeno país? E cal é o seu xentilicio?

2.- Entre que dous países está situado?

3.-Marta pagou a consumición cun billete de 10 euros e devolvéronlle 1,05 €; Erik e Alba tomaron, cada un, un xeadado de 8,25 € e Aroa un granizado de 7,90 €.

Canto gastaron entre os catro?

4.- Na catedral de San Nicolás hai un órgano de tubos impresionante que pesa 35 toneladas. Expressa esta medida en kg e en dag.

5.- Aquí celébrase unha importante competición de Fórmula 1, o Gran Premio de Montecarlo, o único circuito urbano deste tipo.

Fan o percorrido 78 veces ata completar 260 km.

Expressa a lonxitude do circuito en metros.

6.- Nesta carreira poden facer unha parada en "boxes" para repostar ou cambiar neumáticos durante 25 s. Os pilotos dunha escudería pararon un total de 20 min, cantas veces se detiveron en boxes?